

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA**

CÉDULA do 7 de novembro de 2012 pola que se notifica o Acordo do Xurado de Expropiación de Galicia do 13 de setembro de 2012 que fixa o prezo xusto do predio número 1 sito en Melide, relativo ao proxecto 00903 (expediente 2010/002612).

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), e dado que non foi posible practicar a notificación,

DISPOÑO:

1. Notificar mediante a presente cédula a María Concepción Salgado Rodríguez o Acordo do Xurado de Expropiación de Galicia do 13 de setembro de 2012, que fixa o prezo xusto do predio nº 1 sito en Melide, relativo ao proxecto 00903 (expediente 2010/002612) cuxos datos se relacionan no anexo.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co previsto nos artigos 116 e 117 da LRXPAC. A persoa interesada poderá tamén interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 10.1.i), 14.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A interposición do recurso potestativo de reposición impide a interposición simultánea do recurso contencioso-administrativo, que non poderá interpoñerse ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se entenda presuntamente desestimado. O texto íntegro do acordo referido na presente cédula está á disposición do interesado nas dependencias do Xurado de Expropiación de Galicia, con enderezo no Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n, de Santiago de Compostela, 15703.

3. En consecuencia, para que conste e sirva de notificación á persoa expropiada, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2012

Juan Carlos Argüello Fernández
Presidente do Xurado de Expropiación de Galicia



ANEXO

Proxecto para o cal se expropia: 00903-LMT sub. Melide-Boimorto. Expediente IN407A07/34.
TM Melide.

Nº expediente: 2010/002612.

Persoa que se notifica: María Concepción Salgado Rodríguez.

Expropiante: Consellería de Innovación e Industria. Delegación Provincial da Coruña.

Expropiada: María Concepción Salgado Rodríguez.

Beneficiario: Unión Fenosa.

Predio nº: 1.

Concello: Melide.

Provincia: A Coruña.

Valoración resolución do Xurado: 26,82 €.

